



VIII premio de textos teatrais **VARELA BUXÁN**



Excmo.
Concello da Estrada

FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA
FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA



bases para a convocatoria do premio de textos teatrais **VARELA BUXTÁN**

A Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada (EMAE), comprometida co proceso de creación cultural, convoca o VIII PREMIO DE TEXTOS TEATRAIS "VARELA BUXTÁN" cos obxectivos de:

Poñer en valor a actividade dramatúrxica como referente na vida cultural estradense e galega.

Perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural.

Contribuir á difusión da nova dramaturxia galega e á divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán, o patriarca do teatro galego.

1. Poderán concorrer ao Premio todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos (nun publicados, nin representados) escritos en lingua galega. A temática será libre.
2. Os orixinais, que serán presentados en calquera soporte dixital (CD, memoria USB...), deberán ser remitidos nun sobre pechado ao seguinte enderezo: Departamento de Cultura do Concello da Estrada, praza da Constitución s/n, CP:36680. A Estrada (Pontevedra). Indicando no sobre, VIII Premio de Textos Teatrais "Varela Buxán". O soporte dixital deberá conter o lema e o título da obra presentada a concurso.
3. Dentro do mesmo sobre meterase outro sobre pechado co nome completo, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e breve currículo do/a autor/a. Na parte exterior deste segundo sobre figurará, tamén, o lema e o título da obra.
4. O prazo de admisión de orixinais pecharase o 30 de outubro do 2021.
5. A dotación económica será de 1.200 euros que se outorgarán indivisamente nun único premio ao que se lle aplicarán as retencíons legalmente establecidas. Asemade entregaráselle ao/á gañador/a un diploma acreditativo. No caso de que o xurado o estimase oportuno, o Premio podería quedar deserto.
6. A EMAE escollerá un xurado de recoñecido prestixio pertencente ao ámbito teatral galego que estará presidido polo dramaturgo Santiago Cortegoso. O seu ditame será inapelable.
7. Unha vez emitida a resolución do xurado, procederase á apertura da plica gañadora no curso dun acto público que terá lugar no mes de decembro.
8. Entregarase o Premio a primeiros de ano, no transcurso dun acto público.
9. A entidade organizadora, da man de Edicións Fervenza, publicará a obra premiada, sen apercibimento de dereitos de autor e compensando aos/as autores/as con 25 exemplares do volume que, no seu día, se edite.
10. Os orixinais non premiados poderán ser retirados polos respectivos autores/as no prazo de 30 días contados a partir da entrega do Premio. Pasada esa data, procederase á súa destrucción.
11. A participación nesta convocatoria implicará a aceptación das normas contidas nas presentes bases.